

Xestionado por [Vieiros](#)

DÍA DAS LETRAS 2010

"Non hai ningún en Galiza que fixese o que el fixo"

A poeta, que reconece que descubriu "tarde" a Novoneyra, valora o marcado carácter único e persoal da súa obra como algo do que calquera autor se debería sentir orgulloso.

Redacción - 11:00 14/05/2010

María Lado non coñeceu directamente a Novoneyra, e reconece que "o contacto con el chegoume moi tarde, a través dos estudos". Mesmo, a pesar de que descubriu outros autores pola súa conta, "a Novoneyra coñecino polo instituto".

En todo caso, da súa obra destaca o feito de que é "moi persoal. Non hai ningún en Galiza que fixese o que el fixo. Non se parece a ningún máis". E iso, para Lado, é "algo moi positivo" que se diga dun autor. De toda a obra de Novoneyra, María Lado considera que "o máis representativo son *Os Eidos*".

A poeta afirma que as figuras literarias do país "hónranse demasiado pouco en vida, e hai demasiados actos despois da súa morte", polo que avoga por non agardar ao pasamento dos autores para recoñecer o seu traballo creativo. Por outra banda, "por parte das institucións e da sociedade hónranse demasiado outras figuras que non son tan decisivas para a formación do carácter dun pobo".